

Programa Avais para a adquisición de vivenda	
CÓDIGO PROCEDEMENTO	VI402B
PUBLICACIÓN CONVOCATORIA e BASES REGULADORAS	DOG núm. 43 do 05/03/2026. RESOLUCIÓN do 25 de febreiro de 2026, pola que se convoca o Programa de avais para a adquisición de vivenda para a anualidade 2026 (código de procedemento VI402B) e se dá publicidade ao convenio que se asinará entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e as entidades financeiras para a súa concesión.
OBXECTO	Prestar unha cobertura temporal e financeira, de carácter persoal, para a adquisición da primeira vivenda por aquelas persoas que, na data de presentar a correspondente solicitude, teñan menos de trinta e seis anos. O límite de idade non será de aplicación no caso de tratarse da adquisición dunha vivenda cualificada definitivamente como vivenda de protección autonómica de réxime xeral, especial ou concertado.
PROCEDEMENTO	Concorrenza non competitiva , ata esgotar o crédito dispoñible previsto na correspondente convocatoria.
ADHESIÓN DE ENTIDADES FINANCEIRAS	O programa xestionarase en colaboración coas entidades financeiras, con oficinas abertas ao público en Galicia, que se adhiran a el. As entidades financeiras interesadas poderán presentar a solicitude de adhesión a través do formulario PR004A dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia. https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR004A&ano=2017&numpub=1&lang=es
PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES	Dende o 13/03/2026 ás 9:00 horas ata o 30/10/2026 ás 14:00 horas e, en todo caso, no momento de esgotamento do importe máximo de avais a conceder no ano 2026, que se fixa en cinco millóns de euros.

CARACTERÍSTICAS DO PROGRAMA	Garantía	Ata un 20% do prezo de adquisición, ou o seu valor de taxación, no suposto de que este sexa menor			
		Para a adquisición da primeira vivenda en propiedade			
		Quedará automaticamente sen efecto no momento no que os pagamentos do principal alcancen o importe avalado.			
		Carácter finalista: o importe do préstamo avalado debe destinarse ao pagamento do prezo da vivenda financiada.			
REQUISITOS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS	Para ser persoa beneficiaria é preciso que na data de presentación da solicitude, concorran os seguintes requisitos:				
	1.Nacionalidade española ou dalgún dos Estados membros da Unión Europea. Persoas estranxeiras con autorización de estancia ou residencia en España.				
	2. Maiores de idade e menores de 36 anos. No suposto de adquirir a vivenda por mais dunha persoa, todas elas deberán ter menos de 36 anos.				
	O límite dos 36 anos non será de aplicación cando se trate da adquisición dunha vivenda protexida.				
	3. Estar empadroado en Galicia. No suposto de adquirir a vivenda por mais dunha persoa, todas elas deberán estar empadroadas en Galicia.				
	4. Ingresos mínimos 2 veces o IPREM e ingresos máximos de 5,5 veces o IPREM. No suposto de adquirir a vivenda por máis dunha persoa, a suma dos seus ingresos non poderá superar a porcentaxe máxima de 6,5 veces el IPREM.				
Os datos fiscais a ter en conta serán os correspondentes ao período impositivo con prazo de presentación vencido na data da solicitude					
Para a valoración das solicitudes utilizarase o valor do último IPREM publicado na data da solicitude.					
IPREM ANUAL 14 PAGAS (2025)		8.400,00 €	8.400,00 €	8.400,00 €	
VECES IPREM		2	5,5	6,5	
IMPORTE		16.800,00 €	46.200,00 €	54.600,00 €	



REQUISITOS DAS VIVENDAS	1. Situada na Comunidade Autónoma de Galicia e destinada a residencia habitual e permanente da/s persoa/s adquirente/s durante, cando menos, todo o período en que estea vixente a garantía.	
	2. Prezo máximo de adquisición da vivenda (sen gastos nin tributos)	Concellos ámbito territorial prezo máximo superior: 260.000 €
		Concellos zona territorial 1 : 210.000 €
		Concello zona territorial 2: 180.000 €
	3. A vivenda a adquirir ten que constituír a primeira vivenda en propiedade da/s persoa/s adquirente/s. A persoa/s adquirente/s non poden ser propietarias ou usufrutuarías dunha vivenda en España, agás as excepcións previstas nas bases reguladoras.	
ADQUISICIÓN DE VIVENDA PROTEXIDA	- Debe posuír a cualificación definitiva como vivenda de protección autonómica de réxime xeral, especial ou concertado na data de publicación da correspondente convocatoria. - Non será de aplicación o límite de idade de 36 anos. - Ser adquirente ou adxudicataria dunha vivenda protexida, en primeira ou sucesivas transmisións, e ter acreditado no correspondente expediente o cumprimento dos requisitos de acceso a unha vivenda protexida exixidos pola normativa reguladora destas vivendas. - O requisito dos ingresos será o que se determine na correspondente normativa reguladora da vivenda protexida. - O prezo máximo de adquisición da vivenda será o previsto na cualificación definitiva.	
DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE	As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación: a) De ser o caso, documentación acreditativa da representación da persoa que actúe no nome da persoa solicitante. A representación deberá acreditarse a través do modelo normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia ou por calquera outro medio válido en dereito. O modelo normalizado pódese descargar na seguinte ligazón: https://sede.xunta.gal/modelos-normalizados. b) Informe favorable da entidade financeira de autorización da operación de financiamento hipotecario para o	



	suposto de que á/s persoa/s solicitante/s se lle conceda o aval. c) Anexo IV, de comprobación de datos das demais persoas adquirentes, no suposto de compravenda da vivenda por máis dunha persoa. d) Anexo V, de declaración responsable da persoa solicitante e das demais persoas adquirentes, no suposto de compravenda por mais dunha persoa, no caso de non estar obrigadas a presentar a declaración do IRPF xunto coa seguinte documentación: - Certificado de retribucións e retencións da empresa/s nas cales estivese de alta no devandito exercicio - Certificado de pensións ou prestacións periódicas, emitido polo correspondente organismo oficial, no caso de non ser outorgadas polo INSS - Certificados bancarios de rendementos de capital mobiliario e) No caso de propiedade ou usufrutuaria dalgunha vivenda en España e non poidan dispoñer dela: - Convenio regulador de separación ou divorcio ou sentenza que acredite a dita circunstancia, de ser o caso - Documentación que acredite que a/s persoa/s adquirente/s non poden habitar a vivenda por calquera outra causa allea á súa vontade, de ser o caso - Informe técnico que xustifique a inaccesibilidade da vivenda por razón da discapacidade, de ser o caso f) Documentación acreditativa de que a vivenda foi adquirida por herdanza ou mediante transmisión <i>mortis causa</i> sen testamento, de ser o caso g) Certificado de discapacidade, de ser o caso, no suposto de tratarse dun documento non expedido pola Xunta de Galicia
FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES	Presentación electrónica
INFORMACIÓN	SERVIZOS CENTRAIS DO IGVS: 981 957 529 / 981 541 982 / 881 999 016 SERVIZO ACTUACIÓNS PROTEXIDAS EN MATERIA DE VIVENDA: 881 995 946 SERVIZO DE ATENCIÓN E INFORMACIÓN Á CIDADANÍA: 012



CONSULTAS

avaismocidade.igvs@xunta.gal